

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 13 | MARZO 2011

NECESIDADE vs GANANCIA: O PLANETA ESTÁ NO LÍMITE

Se o lucro vence, o crecemento económico depredará os recursos, deixará os pobres de lado e nos conducirá a unha profunda crise social, política e económica



JEFFREY D. SACHS
Profesor de Economía e director do Instituto Terra da Universidade Columbia

O meirande líder moral da India, Mahatma Gandhi ten a famosa máxima segundo a cal hai o suficiente na Terra para suprir as necesidades de todo o mundo, mais non para as ganancias de todo o mundo. Hoxe, o *insight* de Gandhi está sendo

posto a proba máis ca nunca. O mundo está rachando os límites no uso de recursos. Estamos sentindo acotío o impacto de asolagamentos, tempestades e secas, e os resultados aparecen nos prezos no mercado. Agora o noso destino depende de se cooperamos ou ficamos vítimas da ganancia autodestrutiva.

Os límites da economía global son novos, resultan do tamaño sen precedentes da poboación mundial e do espallamento sen precedentes do crecemento económico en case todo o mundo. Hogano hai 7.000 millóns de persoas no planeta; hai medio século, eran só 3.000 millóns. Hoxe, o rendemento medio per capita está en torno a 10 mil dólares; no mundo rico, anda polos 40 mil dólares, e no mundo en desenvolvemento, polos 4 mil dólares. Iso significa que a economía mundial está agora producindo de media 70 billóns de dólares en rendementos totais por ano, comparados cos 10 billóns de 1960.

A economía da China está a medrar en torno ao 10 por cento ao ano. O crecemento da India está próximo ao mesmo índice. En África, a rexión do crecemento máis lento, estase batenando a marca do 5 por cento anual do PIB. Sobre todo os países en desenvolvemento están crecendo un 7 por cento cada ano, e as economías desenvolvidas en torno ao 2 por cento, mantendo o crecemento global en algo como 4,5 por cento.

Ganancia ou crecemento

Esas son boas novas en varios aspectos. O rápido crecemento económico nos países en desenvolvemento está aliviando a pobreza. Na China, por



exemplo, a pobreza extrema diminuíu moito máis da metade da poboación, e hoxe atinxe o 10 por cento ou menos da poboación. Hai, no entanto, un outro lado da historia do crecemento global que debemos entender claramente. Coa economía mundial crecendo un 4-5 por cen-

O NOSO PLANETA NON SOPORTARÁ FÍSICAMENTE O RITMO DE CRECIMENTO QUE TEMOS HOXE

to ao ano, estará nun camiño para dobrar de tamaño en menos de vinte anos. Os 70 billóns de dólares da economía mundial serán 140 billóns antes de 2030 e 280 antes de 2050, en caso de extrapolar os taxas de crecemento de hoxe.

O noso planeta non soportará físicamente ese crecemento económico exponencial, se deixamos á ganancia levar vantaxe. O crecemento da economía mundial xa está esma-

gando a natureza hoxe, depredando rapidamente as fontes de combustíbeis fósiles que a natureza tardou millóns de anos en crear, mentres o clima resultante da mudanza climática ten xerado inestabilidades masivas en termos de réxime de choivas, de temperatura, de tempestades extremas. Vemos diariamente esas presións no mercado. O prezo do petróleo chegou a máis de 100 dólares o barril, mentres China, India e outros países importadores se nuntan aos EUA, nun negocio masivo, para mercar combustíbel, especialmente en Oriente Medio. O prezo dos alimentos tamén está en límites históricos, contribuíndo á pobreza e á inestabilidade política.

Esgotamento ambiental

Por unha banda, hai máis bocas para alimentar e, en xeral, con maior poder adquisitivo. Pola outra, ondas de calor, secas, enchentes e outros desastres inducidos pola mudanza climática están a esnaquizar colleitas e a reducir os *stocks* de grans nos mercados mundiais. Nos últimos meses, varias secas atinxiran a produción de grans de rexións de Rusia e Ucraína,

e enchentes enormes aconteceron no Brasil e en Australia; agora, outra seca está ameazando o cinturón de grans da China.

Pero hai algo máis que a intuición de que iso é moi perigoso. En moitas partes ben poboadas do mundo, mesmo en rexións de produción de grans no nordeste da India, da China e no medio Oeste dos EUA, moitos terratenentes están a escañar cada vez máis fondo para irrigar súas colleitas. Os grandes acuíferos que fornecían auga para rega están sendo baleirados. Nalgúns lugares da India, o nivel das augas está a baixar varios metros cada ano. Algúns pozos están próximos ao esgotamento, cunha salinidade altísima porque ao parecer se infiltraron augas oceánicas nos acuíferos.

Se non mudamos o modelo, unha calamidade é inevitábel. E é aquí que entra Gandhi. Se as nosas sociedades están vivindo segundo o principio da ganancia, cos ricos facendo de todo para ficaren máis ricos, a crecente crise de recursos levará a unha ampla división entre ricos e pobres –e moi posibelmente a unha crecente loita pola supervivencia.

Conflicto de clases

Os ricos tentarán usar o seu poder para dominar máis terra, máis auga e máis enerxía para si mesmos, e moitos empregarán medios violentos para facelo, se é necesario. Os EUA xa emprenderon a estratexia de militarización no Oriente Medio, coa esperanza inxenua de que ese tipo de abordaxe pode asegurarlles o fornecemento de enerxía. Agora, a competición por eses recursos estase intensificando coa China, India e outros, na carreira polos mesmos –en vías de esgotamento– recursos.

Un poder análogo de captura de recursos estase emprendendo en África. O aumento dos prezos dos alimentos está levando a un aumento do prezo das terras, mentres políticos poderosos venden a investidores estranxeiros vastas facendas, varrendo do mapa as agriculturas tradicionais e os dereitos dos pequenos agricultores. Investidores estranxeiros esperan usar grandes facendas mecanizadas para producir para exportación, deixando pouco ou nada para as poboacións locais.

En todas partes nos grandes países –EUA, Reino Unido, China, India...– os ricos gozan de rendas elevadas e do aumento de poder político. A economía dos EUA foi secuestrada por multimillonarios, pola industria do petróleo e outros sectores chave. A mesma tendencia ameaza as economías emerxentes, onde a riqueza e a corrupción medran.

Se a ganancia vence, a máquina do crecemento económico depredará os recursos, deixará os pobres de lado e nos conducirá a unha profunda crise social, política e económica. A alternativa é un paradigma de cooperación social e política, tanto no interior dos países, como internacionalmente. Haberá recursos suficientes e prosperidade para seguir adiante, se convertermos as nosas economías en fontes renovábeis de enerxía, en prácticas agrícolas sustentábeis e nunha taxación razoábel dos ricos. Este é o camiño da prosperidade compartida, por medio do adianto tecnolóxico, da xustiza política e da consciencia ética. •

•INFO: www.cartamaior.com.br



PETER GORMAN

ALÉN DOS SINDICATOS, ALÉN DE WISCONSIN

Como americanos de variadas profesións, relixións e estados se están a unir en oposición á lei anti-sindicatos de Wisconsin, e cultivando un movemento que vai moito máis aló das fronteiras do estado



MICAH
UTRICHT
YES! Magazine
& CampusPro-
gress.org

Pouco antes das 3 da mañá de onte, mentres eu me servía de vivires procedentes de doazóns no Capitolio de Wisconsin, coñecín a Taylor Tengwall. É un estudante do segundo ano na Universidade de Wisconsin (UW), que non tiña ningunha conexión anterior co movemento dos traballadores –ou con movemento algún, máis especificamente. “Eu nunca fixen unha cousa deste tipo en toda a miña vida”, contoume.

Chegou a Madison, hai unha semana con algúns amigos, esperando marchar dous días despois. Mais Tengwall di que foi tan tocado polo que viu que dixo aos seus amigos que volveran para a casa sen el. “É a experiencia máis comovedora e transformadora de paradigmas que nunca vivín”, di, aparentando estar totalmente disposto, a pesar das altas horas da madrugada. “Cheguei aquí moi indignado e furioso. Moitas persoas chegaron así. E estas persoas formaron algo pacífico e moi significativo”. E entendeu, “nós temos o poder”, conta.

Movemento de solidariedade
Traballadores do sector público e membros do sindicato corren o risco de perder gran parte dos seus dereitos coa aprobación da Lei de Reforma do Orzamento, proposta en Wisconsin e que

encialmente retiraría todos os dereitos de negociación colectiva dos sindicatos. E os membros dos sindicatos e seus liderados certamente foron cruciais para a organización das protestas. Mais só é necesario pasar algunhas horas en Madison conversando con manifestantes e ouvindo as declaracións de moradores locais para entender que este movemento vai máis aló do sindical.

Un impresionante e orgánico conxunto de estudantes, traballadores de colo branco, líderes relixiosos, traballadores sindicalizados non afectados pola lei e cidadáns comúns se reuniron en Madison. Inspiraron manifestacións por todo o país, e até mesmo non-apoiadores dos sindicatos se xuntaron con traballadores sindicalizados en solidariedade con Wisconsin ou para se levantaren contra propostas similares nos seus propios estados.

A maior parte dos medios de comunicación se concentraron nas grandes multitudes que ocuparon o Capitolio e as rúas achegadas. Con decenas de milleiros de persoas xuntándose, estas escenas teñen sido impresionantes. Mais no terceiro andar do Capitolio, revelouse unha escena moito máis tranquila e reservada. Lexisladores demócratas organizaron audiencias sobre a lei, con habi-

tantes do estado, un por un, sobre como lles afectaría. A maioría non son membros dos sindicatos, só habitantes de Wisconsin de todos os tipos.

Moitos non estudantes. Jessica Weber, estudante de Ciencias da Educación na UW-Platteville, tomou o micrófono fronte a unha sala chea. Ela sempre quixo ser profesora desde que era nena, explicou. Mais a Lei Walker deixouna “asustada”. “Wisconsin nunca me fixo sentir así antes; estou triste de que existan persoas que teñen poder para facer isto”.

Analyse Dickinson, estudante da UW-Madison, nacida en Michigan, colleu o micrófono de seguido. Estaba preocupada co potencial da lei para crear o fenómeno que o estado experimenta actualmente: “a drenaxe cerebral”, a perda de persoas escolarizadas que van para estados con traballos e condicións de traballo mellores. Máis importante, dixo, é que a lei reorientaría as prioridades do estado deixando de lado as persoas de clase media e baixa para priorizar os ricos. “Demuestra que Wisconsin é un estado onde as corporacións son máis importantes que os traballadores”, dixo. A proposta dela “trátase de respectar os dereitos daqueles que non poden comprar o poder”.

Non só en Wisconsin
Durante a semana pasada, manifestacións de solidariedade se espallaron axiña fóra de Wisconsin. En grandes cidades como Nova York e Chicago, así como nas pequenas como Juneau, en Ala-

bama e Helena, en Montana, os cidadáns manifestáronse ou están planeando manifestacións en apoio aos traballadores de Wisconsin. O sábado, MoveOn.org estaba axudando a coordinar manifestacións similares nos capitólios dos 50 estados. Unha enquisa de USA Today/Gallup descubriu que o 61 por cento dos americanos se opoñen a ataques á negociación colectiva como o que está na lei de Wisconsin.

Mais non todas as protestas son un simple apoio a Wisconsin; en moitos estados, están protestando para se defender de ataques similares aos seus beneficios ou dereitos de negociación. O Washington Post nomeou os puntos máis fortes do movemento en Iowa, Illinois, India, Michigan, Ohio, Tennessee, Pennsylvania e California. En Trenton, New Jersey, o presidente da Federación Americana de Traballo e Congreso de Organizacións Industriais –AFLCIO– dixo aos manifestantes: “O que acontece en Wisconsin afecta a todos os homes, mulleres e nenos de América. O destino da nosa clase media está en xogo”. En Columbus, Ohio, onde centos de persoas protestaron contra a lei anti-sindicatos, os axentes de seguridade do estado bloquearon os cidadáns de fóra do Capitolio, por medo a unha ocupación ao estilo da que acontece en Madison. Senadores do estado de Indiana seguiron o exemplo dos de Wisconsin e fuxiron do estado en protesta contra unha lei anti-sindicatos no propio estado –o líder do senado de Indiana declarou que, por agora, a lei está “morta”.

O sábado, estudantes e apoia-dores dos sindicatos foron protestar en Topeka, Kansas –a diferenza de Madison esta é unha cidade non coñecida pola súa historia de loitas laborais e solidariedade. Ben Jefferies, estudante de Economía na Universidade de Kansas, é un dos manifestantes de Wisconsin que está organizando a protesta. “Un movemento forte dos sindicatos foi e aínda é esencial para a existencia da clase media”, dixo Jefferies. “É verdadeiramente unha amnesia cultural que as persoas se esqueceran desta cuestión”. El está particularmente preocupado coa lei de Wisconsin porque xa viviu o efecto dunha lexislación similar aprobada no seu propio estado.

“Kansas xa perdeu moito do espazo lexítimo que permite aos sindicatos de traballadores de sectores públicos ou privados se fortaleceren”, dixo. “A cuestión fundamental con esta lei é que retira o dereito lexítimo dos traballadores de negociaren colectivamente, exterminando un compoñente esencial da democracia do traballo. Se permitirmos que iso aconteza nun lugar, probablemente se espallará. É importante que apoiemos os dereitos dos traballadores antes que aqueles que se opoñen a estes dereitos gañen máis forza”. ●



É POSIBLE UN ECOSOCIALISMO GALEGO

Non se trata de pintar de verde a esquerda, senón de construír unha alternativa socialista no económico e sustentable no social



XOÁN
HERMIDA
Amarante. Autor
do blog Galicia
Ecosocialista

Tiven a ousadía no ano 1997 de publicar un artigo en *El Correo Gallego* onde se mencionaba por primeira vez en Galicia o termo ecosocialismo.

En realidade aínda faltaban tres anos para que Joel Kovel e Michael Löwy publicaran o manifesto ecosocialista, pero iso non quere dicir que eu estiveira a inventar algo novo, pois xa algunhas forzas políticas de Europa e sociais de Latinoamérica comezaban a utilizar esa denominación.

Así que a ousadía se debía máis a que sendo eu o primeiro en utilizar esa terminoloxía sabía que ía a atoparme con dúas cuestións que no debate político se dan moito na nosa terra. A primeira é algo que se podería expresar na conceptualización “iso e moi moderno, non ten nada que ver con nos”. A segunda, ligada á primeira, exprésase en algo así como “Galicia é diferente, esa formulación pode valer para Catalunya ou Euskadi, inseridas máis na Europa”.

Esta visión non ten nada que ver co nacionalismo moderno e universalista que encarnou a xeración NOS e tería moito máis que ver co discurso nacionalista pechado español expresado en “que inventen ellos” ou “Spain is different”.

Hai un terceiro prexuízo que este xa tería que ver máis co contido que co formal e que amosa o nivel raquíutico no que se move o debate a nosa esquerda nalgúns círculos: “iso do ecosocialismo



en realidade é o socialismo cun verniz verde para captar novos votos e simpatías”.

Nada máis lonxe que dunha operación cosmética ou dunha táctica electoralista.

En realidade ecosocialismo é unha das múltiples definicións que poderíamos aplicarlle á es-

querda da etapa da globalización neoliberal e do perigo do “infarto ecolóxico” do planeta, onde as novas contradicións entre a natureza e o comportamento do ser humano na súa forma capitalista de producir, distribuír e consumir as materias primas e a enerxía pasan a un primeiro plano.

Cando Karl Marx di “a natureza é o corpo non orgánico do home” ou Rosa Luxemburg advirtenos sobre a dicotomía “capitalismo ou barbarie” xa están alertando do perigo que a nosa actuación económica e política ten para o planeta.

Lamentablemente esta visión dialéctica e naturalista da esquerda non foi a que se asentou na metade do século XIX, senón unha visión dogmática e industrialista.

Somos herdeiros –para o bo e sobre todo para o malo– da II Internacional e da socialdemocracia alemana constituída arredor do programa de unificación de Ghota, e iso ten marcado durante algo máis dun século unha forma de entender o desenvolvemento económico, as relacións humanas, o sentido da democracia política e tamén a relación da humanidade coa natureza.

Tratase de repensar en clave de futuro a esquerda. E o futuro na actual conxuntura adquire non só un sesgo programático senón mesmo existencial: a propia existencia de futuro en si.

Tratase de sinalar ao novo “suxeito revolucionario”, pero antes temos que sinalar o propio suxeito político e mesmo filosófico.

Para a concepción clásica, e tamén para os ilustrados, o suxeito filosófico era o home –e digo

ben o home porque a muller estivo excluída desa concepción ata hai ben pouco. Agora tratase de concibir o suxeito político-filosófico de xeito máis amplo. Trátase de entender o suxeito ontolóxico na súa máxima amplitude unha vez que nin a alma, nin a intelixencia, nin a cultura son xa raias delimitadoras.

Trátase de entender o suxeito –no sentido filosófico– composto polos “animais humanos” e tamén polos “animais non humanos”, entendidos desde unha aposta colectiva de biodiversidade e harmonía.

E sobre o “suxeito revolucionario” que dicir. Toda vez que as grandes diferenzas téñense amortiguado nunha combinación de melloras sociais e integración no sistema, xa non é a clase obreira en exclusiva a punta de lanza do movemento de cambio antisistémico, tampouco xa o son as mulleres coma se plantexou nos setenta, nin outros sectores que ao longo do século XX se lle foron idealizando características “revolucionarias” a medida que declinaba a luz do proletariado.

Vivimos na globalización, na fase final do que xa Lenin apuntara como fase imperialista do capitalismo. Son tempos de control monopolista, de concentración de recursos naturais en mans duns poucos oligopolios. Nese contexto todas aquelas persoas afectadas por un sistema cada día máis inxusto e desequilibrado ou interpeladas pola necesidade dun

TODAS AS PERSOAS
AFECTADAS POR
UN SISTEMA CADA
DÍA MÁIS INJUSTO
SOMOS SUXEITOS
REVOLUCIONARIOS

mundo mellor somos “suxeitos revolucionarios”.

A nova fase do capitalismo require a construción de novas ferramentas políticas de actuación. Non se trata de pintar de verde a esquerda se trata de construír unha alternativa socialista no económico e sustentable no social e viceversa... e por suposto radicalmente democrática.

Esta aposta, que vale para o mundo, tamén ten que valer para o noso país. Así que é posible un ecosocialismo galego, por suxeito! Pero de seguro que se terá que construír fóra das actuais estruturas políticas institucionlizadas. ●

O PERCORRIDO DO ECOSOCIALISMO



Desde que a finais do século XIX comezaran as reflexións iniciais sobre economía ecolóxica plantexando os límites do crecemento, mesmo en polémica co marxismo, a cargo de autores rusos como Serge Podolski; até o manifesto ecosocialista impulsado no 2002 por Joel Kovel e Michael Löwy a situación do planeta tense degradado de tal xeito que fai máis real ca nunca a sentenza de Rosa Luxembourg: “socialismo ou barbarie”.

No medio, o científico ucraniano Vladimir Ivanovich Vernadski (1863-1945) contribuíu á fundación de varias disciplinas modernas, especialmente a xeoquímica, sendo o primeiro ecolóxico. Concibía a Terra como a superposición de cinco realidades integradas: a litosfera, entendida como es-

fera sólida da Terra; a atmosfera; a biosfera; a tecnosfera, o resultado da alteración producida polo home; e a noosfera, a esfera do pensamento. Á vez vía a historia do planeta como unha evolución autónoma con tres etapas dominadas respectivamente pola evolución xeolóxica, a evolución biolóxica e a evolución da cultura. Vernadski observou a dependencia da composición atmosférica con respecto á actividade biolóxica, ofrecendo da Terra un concepto moi achegado ao proposto máis tarde por James Lovelock coa súa hipótese Gaia.

Despois do movemento sesentaotista no que se comeza a plantexar con forza revisións do marxismo superadoras do modelo industrialista soviético, comezan a aparecer autores que plantexan a necesidade de ligar o ideal socialista coa defensa do ambiente, dando así os primeiros pasos para a ecoloxía política. Manuel Sacristán, Raymond Williams, André Gorz –nos seus primeiros escritos–, Barry Commoner, Joan Martínez Alier, Francisco Fernández Buey, Jean-Paul Déleage, Elmar Altvater e Frieder Otto Wolf.

A globalización capitalista puxo en primeiro plano a necesidade dunha alternativa global, e desde finais dos noventa empezan diferentes colectivos e autores a falar de ecosocialismo, sendo Joel Kovel e Michael Löwy os autores do Manifesto Ecosocialista, publicado na revista *Capitalism Nature Socialism* con motivo do Cumio Rio+10 de Johannesburgo. +INFO: www.cnsjournal.org/manifesto.html



desinformémonos

desinformemonos.org

IPS INTER PRESS SERVICE

www.ipsnoticias.net

ITALIANAS POLA DIGNIDADE

Vivimos nun país no que o primeiro ministro convida ás mulleres a "buscar un home rico", no que as mulleres son vistas como obxectos de intercambio de favores entre políticos

O pasado día 13 de febreiro en 250 cidades italianas, un millón de mulleres saímos ás rúas en resposta á proposta lanzada por unha rede de dez mulleres, baixo o slogan "Se non é agora, cando?" para dicir basta a unha política e a unha idea de sociedade pensada, imaxinada e organizada pola inmensa maioría dun só xénero: o masculino.

Foi unha invitación que pedía a ausencia de símbolos ou de bandeiras de partidos. Un convite que viu ás mulleres deste país saír ás rúas en masa. Un país onde millóns de mulleres co traballo de coidar os seus maridos, fillos e pais substituímos os servizos públicos autorizados pola libre elección da política italiana.

Todo isto levounos a saír xuntas á rúa a dicir basta á vergoña que nos rodea. O noso grupo, formado por colectivos feministas de mulleres de diferentes idades e lugares de traballo político, formou un cortexo de milleiros de persoas—incluíndo os compañeiros e compañeiras que non puideron entrar á praza chea—que desfilou polas rúas do centro de Roma até chegar ao Parlamento e alí superou as barricadas que foran colocadas ao redor del, a pesar da defensa policiada que foi atafegada polas mulleres ás que non puideron arrebatara unha pancarta que decía: "Dereitos e benestar para todas". Chegamos á porta do palacio onde había unha saba coa consigna: "Neste palacio reina o pene... imos cortalo", slogan duro e conciso que as mozas dos colectivos enviaron aos membros

do parlamento, provocando o entusiasmo dos presentes.

Vivimos nun país onde reina a dobre moral: a católica. Un país que ten como único modelo de vida a familia heterosexual e patriarcal, onde a meirande parte dos homicidios son cometidos polos maridos ou parellas, ex amantes, fillos ou pais, convencidos

ou perderon o seu traballo, ofréceselles só incerteza para o futuro.

Vivimos nun país no que se fai carreira política se se é unha muller fermosa ou amiga do primeiro ministro; un país onde unha menor pide a Berlusconi que a axude a traballar na televisión ou o Parlamento, dando—se cadra con razón?—o mesmo valor ás dúas opcións; un país corrupto onde as mulleres son vistas como obxectos de intercambio de favores entre políticos, poderosos e mafiosos, categorías que moitas veces se mesturan. Un país onde nos niveis altos, a prostitución non é chamada como tal, e que inventou o termo "escort" para definila; pero onde son estas mesmas altas esferas as que declaran a guerra ás prostitutas da rúa en nome do "decoro", e por respecto á dobre moral imperante.

Por todo isto, saímos á rúa. Porque a rabia e a indignación sacudiron a moitas persoas e convencéronas de se poñer ao lado do Movemento polos Dereitos das Prostitutas, ao lado das mozas pobres e das estudantes, das traballadoras, das ocupantes de vivendas, ao lado das inmigrantes e das mulleres dos centros contra a violencia.

Durante a marcha, berramos sen cesar: "Todas somos exipcias". Que a lección das exipcias nos sirva de exemplo para recoñecer que as mulleres atopamos, ou mellor dito, reencontramos, a forza para dicir que xa abonda, a forza para tomar a vida nas nosas mans. ● ["Le donne italiane in piazza". **Teresa Gennari, 01/03/11**]



dos de ter dereito sobre a vida ou a morte das "súas" mulleres. En Italia, o feminicidio mata a unha muller cada tres días.

Vivimos nun país onde o primeiro ministro, a encarnación do machismo italiano puro, comina ás mulleres novas en busca de traballo a "atopar un home rico". Un país que, na realidade, ás mozas ou ás mulleres que perden

FSM: gañar a batalla das ideas

É paradoxal que, mentres a historia lle está a dar a razón ao Foro Social Mundial (FSM) nalguns dos seus postulados capitais, isto non sexa noticia para a maioría dos grandes medios de comunicación, os "facedores de opinión pública". Esta xordeira que se lle aplica ao FSM é un obstáculo para a súa expansión e motivo de preocupación para moitos dos seus organizadores e participantes.

Con tenacidade e riqueza argumental o FSM denunciou desde os seus primeiros anos e até que se comprobou a súa "profecía", os erros da ideoloxía neoliberal, do Consenso de Washington que o Fondo Monetario Internacional impuña aos países do Sur, da liberalización sen concesións, da fe cega no mercado como reitor da economía e o veto contra toda acción reguladora do mercado e especialmente dos grupos financeiros que practicaban unha especulación desbocada, levarían a un desastre planetario. Así foi. Esta parábola podería facer supor unha acrecentada curiosidade xornalística cara ás análises, diagnósticos e previsións do FSM, pero aconteceu o contrario. Nestes últimos anos e máis acentuadamente desde a gran depresión mundial comezada en 2008 e aínda lonxe de ser superada, a presenza dos medios nos foros non fixo senón diminuír. [...] ● ["Una estrategia de comunicaciones para ganar la batalla de ideas". **Mario Lubetkin, 03/11**]



CADTM

www.cadtm.org

20-M: todos os países árabes

A Asemblea dos Movementos Sociais, reunida o 10 de Febreiro no Foro Social Mundial 2011 en Dakar, chamou ás forzas e actores populares de todos os países a unha mobilización coordinada a nivel mundial o 20 de Marzo de 2011, para apoiar o proceso revolucionario no mundo árabe.

Nós, os movementos sociais do mundo enteiro, o 20 de Marzo de 2011 temos o compromiso de mobilizarnos masivamente para enviar unha mensaxe clara aos poderosos do mundo: hoxe, como os pobos de Tunisia e Exipto demostraron, os pobos do Sur e do Norte xa non aceptan pagar pola crise do modelo e están preparados para ser artífices do seu destino e avanzar cara á xustiza social e o respecto aos dereitos da natureza.

Nós, os movementos sociais do mundo enteiro faremos que o 20 de Marzo de 2011 sexa o símbolo do inicio da reconquista da soberanía popular confiscada xa hai tanto polas forzas capitalistas. Para máis información escribir a Fathi Chamki: fatcham@yahoo.fr ● ["Chamamento da Asemblea de Movementos Sociais. **03/03/11**"]



RED TERCER MUNDO: www.redtercermundo.org.uy

COUNTERPUNCH: www.counterpunch.org

DE CASDEIRO: casdeiro.info

A CONJURA DOS...: aconjuradosnescios.blogspot.com



Os prezos non medran por mor da demanda China

Un amigo díxome que os prezos dos alimentos subían pola demanda China. Aínda que a lóxica e os medios nos din que estes se fixan pola lei da oferta e a demanda, o certo é que cada vez menos cousas -o aumento da poboación mundial ou o medrar das economías emerxentes- definen os termos de intercambio do aceiro, o azucre, o cobre, o ouro, a prata, os alimentos e outras mercadorías.

A súa compra-venda négocíase nunha especie de gran sala de casino mundial, "mercados de commodities", que seguen en expansión a pesar da crise económica. ● ["El póker de los precios". **Carlos Bedoya, 05/03/11**]



Palestina e as revolucións no 'mundo árabe'

Se a primeira Intifada palestina foi o preludio dos levantamentos populares árabes actuais, as revolucións de Exipto e Tunisia serven para lembrarlle ao pobo palestino toda a súa forza latente e a potencia da súa resistencia de base pacífica a grande escala.

[...] os palestinos abrigan a esperanza de que unha das primeiras accións do novo Exipto sexa a de levantar o boicot contra Gaza e así neutralizar o criminal esganamento israelí sobre un millón e medio de seres que viven na prisión máis grande da historia moderna. ● ["Palestine and the Revolution". **Mustafa Barghuti, 06/03/11**]



A clase obreira galega non sobrevivirá ao petróleo

[...] se os traballadores como clase naceron coa industrialización, semella lóxico pensar que desaparezan como tal clase co previsible colapso da civilización industrial derivado do esgotamento do insubstituíble recurso no que esta se basea. Sen petróleo, non hai industria, e sen industria, non hai traballadores.

[...] Non poderemos facer pervivir a clase obreira despois do petróleo, pero si podemos axudar a (re)nacer unha meirande clase labrega, digna e forte, a columna vertebral dunha Galiza sen petróleo. ● ["Sobrevivirá a clase obreira ao petróleo?". **Manuel Casal Lodeiro, 04/03/11**]



Para que serve e debería servir o 8 de marzo

[...] ir a Oriente Próximo à procura de mulleres valentes para ilustrar o 8 de marzo é unha covardía moral unida à vontade de utilizar as súas misérias particulares e privadas para mais uma vez denigrar a imaxe interessada que esses mesmos jornais nos vendem do que lá haja.

[...] O género é uma questão biopolítica, não biológica. Não há células masculinas ou femininas. Há róis. E, sobretudo, há a vontade teimosa e perigosa de que esses róis continuem na mesma. Isso, sem dúvida, é política. [...] ● ["Para que serve e para que debería servir o 8 de marzo". **Óscar de Lis, 08/03/11**]